



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 5 DE DECEMBRO DO 2019.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D^a. María José Sampedro Fernández</p> <p>Membros que asisten: D^a. Juana María Brión Santamaría D^a Elvira Pereira Ageitos D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario Xera: D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p>
---	---

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Riveira, sendo as dez horas do día cinco de decembro do dous mil dezanove, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 28 de novembro de 2019.

II.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 29/11/2019 **“Decreto:**





Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto de “Reposición do pavimento asfáltico na estrada da Perdigoteira (Artes)””.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 29/11/2019 **“Decreto: Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto de “Pavimentación de camiños no lugar de Sirves (Olveira)”**”.

IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **Adán Pena Armental**, de datas 22/07/2019 e 25/09/2019 (Rexistros de entrada nº 10.504 e 13.501), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira no lugar de Cucharisa, Olveira, Riveira en parcela resultante da Escritura pública de agrupación de fincas dentro do polígono 48 do catastro con 7 refª catastrais das fincas co nº 185, nº 186, nº 187, nº 299, nº 300, nº 301, nº 303 autorizada polo Notario José Prieto Luengo o día 20 de setembro de 2019.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, con sinatura dixital o día 2 de decembro de 2019, visto o informe técnico favorable emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira o día 3 de decembro de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 03/12/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Adán Pena Armental **LICENZA DE OBRAS (Nº 47/19)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA** no lugar de Cucharisa, Olveira, Riveira, en parcela resultante da Escritura pública de agrupación de fincas dentro do polígono 48 do catastro con 7 refª catastrais das fincas co nº 185, nº 186, nº 187, nº 299, nº 300, nº 301, nº 303 autorizada polo Notario José Prieto Luengo o día





20 de setembro de 2019, nos termos do Proxecto Básico de xullo de 2019, Memoria descriptiva de xullo de 2019 Planos modificados de novembro de 2019 redactados polo Sr. Juan Millán Figueirido, (arquitecto col. nº 3.183):

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.**
- Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público da zona afectada por aliñeacións na franxa sita ao longo do vial, cunha superficie de cesión en total de 217,50 m²**, e completar a dotación de **servicios mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal unha fianza de 710,57 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.**
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde co preceptivo visado colexial.**

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula*





o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:





- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Vistos os escritos presentados por **Beatriz Fernández García**, de datas 09/10/2019 e 31/10/2019 (Rexistros de entrada nº 14.168 e 15.361), nos que achega Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o día 4 de outubro de 2019, Proxecto Básico de Execución modificado visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o día 29 de outubro de 2019 redactado por Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451) así como así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o día 4 de outubro de 2019, para engadir a expediente de licenza de obras nº 31/19.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, con sinatura dixital o día 14 de novembro de 2019, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 21/11/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 31/19 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 29 de agosto de 2019 a Sra. Beatriz Fernández García, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o día 4 de outubro de 2019, Proxecto Básico de Execución modificado visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o día 29 de outubro de 2019 redactado por Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto col. nº 1.451) así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o día 4 de outubro de 2019:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.*





3.- Visto o escrito presentado por **José Manuel Rivas García**, de data 28/11/2019 (Rexistro de entrada nº 16.678), no que solicita a devolución de tributos asociados ao expediente de obras nº 2019/LIC000073 para elevación de cuberta en vivenda unifamiliar situada en Camiño da Agua, 19 – Castiñeiras, por desistimento da solicitude.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 29/11/2019, e ao informe de devolución de ingresos do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 02/12/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- ACEPTAR O DESISTIMIENTO EXPRESO PRESENTADO, DECLARAR CONCLUSO O PROCEDIMIENTO E O ARCHIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.

Segundo.- Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra (Expediente de obras nº 2019/LIC000073), formulada por **José Manuel Rivas García**, coa seguinte contía: **1.405,79 €**.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4.- Visto o escrito presentado por **Ramón González Pouso**, de data 20/11/2019 (Rexistro de entrada nº 16.283), no que solicita a devolución de tributos asociados ao expediente de obras nº 2019/COMU000197 para reparación de fachada en vivenda unifamiliar situada en Rúa Sagres, 23 (Listres, 41) – Aguiño, por desistimento da solicitude.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 27/11/2019, e ao informe de devolución de ingresos do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 28/11/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- ACEPTAR O DESISTIMIENTO EXPRESO PRESENTADO, DECLARAR CONCLUSO O PROCEDIMIENTO E O ARCHIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.

Segundo.- Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra (Expediente de obras nº 2019/COMU000197), formulada por **Ramón González Pouso**, coa seguinte contía: **70,00 €**.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.





5.- Visto o escrito presentado por Juan Antonio Millán Figueirido en representación de **Construcciones y Reformas Tubisan, S.L.**, de data 28/11/2019 (Rexistro de entrada nº 16.652), no que solicita a revisión da fianza imposta como garantía das obras de construción de vivenda unifamiliar en Coroso, Palmeira (Licenza de obras nº 43/19).

Visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 29/11/2019, no que sinala:

“INFORME:

Preséntase escrito recurrido a fianza imposta á promotora arriba indicada por construción de vivenda unifamiliar

Valorouse a reposición de pavimento de beirarrúa en toda a fronte do solar.

Recórrese dita valoración indicando que so se va a agredir a entrada á finca para acceso a maquinaria pesada.

Tendo en conta o exposto, procédese a realizar unha nova valoración:

Lonxitude de beirarrúas: 5,00 m

Ancho beirarrúas: 1,50 m

Superficie de beirarrúas: 8,00 m²

Valoración:

VALORACIÓN: 8,00 m² x 30,00 €/m².....240,00 €

I.V.E. (21%).....50,40 €

TOTAL VALORACIÓN.....290,40 €”

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 29/11/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar a nova valoración da fianza imposta como garantía das obras de construción de vivenda unifamiliar en Coroso, Palmeira (Licenza de obras nº 43/19), coa seguinte contía: **290,40 €.**

Segundo.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A SOLICITUDE DE LICENZA OBRA - ASUNCIÓN FERNÁNDEZ VIDAL.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Reforma e ampliación de planta baixocuberta en edificación existente.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 5ª Residencial Media Colectiva Aliñad e unha parte residual no extremo sur Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

REFª CATASTRAL: 3241703NH0134S.

SITUACIÓN: Rúa de Galicia nº 3, Palmeira, Riveira.

PROMOTOR/A: Sra. Asunción Fernández Vidal, (DNI 52.450.738-C).



FIRMANTE - FECHA





AUTOR/A PROXECTO: Sr. Manuel González González, (arquitecto col. nº 3.145).

PROXECTO: Proxecto Básico de agosto de 2019 / Documentación técnica xustificativa complementaria de novembro de 2019.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 33.000,00 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Pola Sra. Asunción Fernández Vidal, (DNI 52.450.738-C), preséntase, en escrito rexistrado de entrada o día 12 de agosto de 2019, (Rexistro de entrada nº 11.363), comunicación previa para realizar obra de substitución de cuberta e ventana no edificio existente na Rúa de Galicia nº 3, Palmeira, Riveira en parcela con refª catastral nº 3241703NH0134S.

SEGUNDO.- O arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade emite informe con sinatura dixital o día 28 de agosto de 2019 no que analiza en **sentido favorable** o axuste da comunicación previa presentada ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

TERCEIRO.- Como consecuencia das actuacións de inspección realizadas polo departamento de vixilancia urbanística do Concello de Riveira comprobouse que as obras que estábanse a executar na Rúa de Galicia nº 3, Palmeira, Riveira, non estaban amparadas pola antedita comunicación previa xa que ao aumentar volumen, son obras que suxeitas a licenza de obra e a preceptiva presentación de Proxecto.

CUARTO.- Posteriormente pola Sra. Asunción Fernández Vidal, (DNI 52.450.738-C), solicitábase, en escritos rexistrados de entrada os días 24 de setembro, 21 de outubro e 13 de novembro de 2019, (Rexistro de entrada nº 13.445, 14.738 e 15.948), licenza de obras para reforma e ampliación de baixocuberta no edificio existente na Rúa de Galicia nº 3, Palmeira, Riveira en parcela con refª catastral nº 3241703NH0134S achegándose Proxecto Básico de agosto de 2019 así como da documentación técnica xustificativa complementaria de novembro de 2019 redactados polo Sr. Manuel González González, (arquitecto col. nº 3.145).

QUINTO.- O arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade emite informe con sinatura dixital de data 19 de novembro 2019 no que analiza o axuste da obra pretendida ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela na que se proxecta vivenda clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17 de decembro de 2002, publicado no B.O.P. de data 14 de xaneiro de 2003 e no D.O.G. do 20 de marzo de 2003, como **SOLO URBANO CON ORDENANZA 5ª RESIDENCIAL MEDIA COLECTIVA ALIÑADA e SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA.**



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20190437872
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 12/12/2019	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 12/12/2019	Fecha: 12/12/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/12/2019 14:42:00		Hora: 14:39





Establece o artigo 90 do PXOM respecto á parcela calificada, que é a parcela o parte dela que queda incluída dentro da delimitación de algunha das zonas de ordenanza. Nos casos de parcelas nos que concurran distintas calificacións o clasificacións de solo, se terá en conta a que corresponda á ubicación do edificio, podendo computarse o resto do solo que presente distinta calificación, si bien, quedará vinculado ao edificio. Si a edificación ocupa dous tipos de solo, terá que cumprir os estándares do máis exixente. A súa medición realizarase sobre a proxección vertical nun plano horizontal de referencia, do solo incluído dentro dos límites da mesma. Neste suposto se aplica os parámetros do **SOLO DE NÚCLEO RURAL C** por ser máis restrictivo.

SEGUNDO.- Establece o artigo 17.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que o Solo Urbano Consolidado e aquel que está integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

TERCEIRO.- O artigo 18.1 da Lei do Solo de Galicia dispón que terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas reiduais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

CUARTO.- O artigo 19 da Lei do Solo de Galicia establece os dereitos dos propietarios de solo urbano, mencionando que teñen o dereito de completar a urbanización dos terreos para que adquiran a condición de soar e a edificar estes nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable e, cando proceda, participar na execución de actuacións de transformación urbanística nun réxime de xusta distribución de beneficios e cargas.

QUINTO.- O artigo 20 da Lei do Solo de Galicia recolle os deberes dos propietarios de solo urbano consolidado do.

En solo urbano consolidado, os propietarios teñen os seguintes deberes:

a) Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a vías fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente.

b) Completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento.

c) Regularizar os predios para adaptar a súa configuración ás exixencias do planeamento cando for preciso por ser a súa superficie inferior á parcela mínima ou a súa forma inadecuada para a edificación.

d) Edificar os soares no prazo establecido.

e) Conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións establecidas no artigo 135.

f) Garantir o realoxamento dos ocupantes legais que se precise desaloxar de inmobles situados na área de actuación e que constitúan a súa residencia habitual, así como o retorno cando teñan dereito a el, nos termos establecidos na lexislación vixente.

Igualmente, deberán indemnizar os titulares de dereitos sobre as construcións e edificacións que deban ser demolidas e as obras, instalacións e plantacións que non poidan conservarse



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 12/12/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 12/12/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/12/2019 14:42:00





SEXTO.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

SÉTIMO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto Básico de agosto de 2019 así como da documentación técnica xustificativa complementaria de novembro de 2019 redactados polo Sr. Manuel González González, (arquitecto col. nº 3.145).

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

OITAVO.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

NOVENO.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.





Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

DÉCIMO.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

DÉCIMO PRIMEIRO.- O artigo 90 da Lei do Solo de Galicia establece que os edificios, construcións e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resulten incompatibles coas súas determinacións por estar afectados por viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos quedarán incursos no réxime de fóra de ordenación.

Nestas construcións so poderán realizarse obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, debendo renunciar expresamente os propietarios ao incremento do valor expropiatorio.

O Planeamento Urbanístico determinará o réxime ao que deban someterse as edificacións, construcións e instalacións preexistentes a súa aprobación definitiva que non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións, pero que non estean incursas na situación de fóra de ordenación, conforme o sinalado no punto anterior, e poderanse realizar, como mínimo as obras sinaladas no punto anterior.

DÉCIMO SEGUNDO.- O artigo 171 do Plan Xeral de Ordenación Urbana establece que se considerará edificación fóra de ordenación aquela que incumpra algunha das prescricións e limitacións que se establezcan neste Plan con respecto á ordenación e a edificación.

Cando a inadaptación ás actuais Normas reguladoras da ordenación de volumes non sexan de gran magnitude ni supoñan grave perxucio o perigo, ou ben sexan debidas á aplicación de anteriores Normas u Ordenanzas de Edificación que non ten por qué coincidir coa Normativa do presente Documento, entenderase entón que ese tipo de edificacións encóntranse na situación xenérica de fóra de ordenación.

A situación xenérica de fóra de ordenación permite autorizar neles as necesarias obras de mellora e conservación, garantíndose o seu uso actual e a súa adecuación aos criterios técnicos de edificación da Normativa deste Documento, aunque non se poderá permitir ampliacións que supoñan un incremento do volume edificado.

En consecuencia de acordo co expresado, cando a situación de fóra de ordenación resulte do número de plantas, esta circunstancia non impedirá a libre transmisión de venda ou sucesión das vivendas nin a imposición de cargas sobre as mesmas.

Excepcionalmente e cando as condicións da finca non permitan mellor solución por aplicación da ordenanza, poderán autorizarse obras de aumento de volume e consolidación ao exclusivo obxecto da mellora das condicións hixiénico-sanitarias da vivenda, ata un 35 %



FIRMANTE - FECHA





da superficie edificada con anterioridade á publicación deste Plan, sen superar as condicións de edificabilidade da ordenanza de aplicación.

No caso dunha edificación de nova planta, é dicir, posterior á data de aprobación definitiva deste Documento, que manifestamente incumpliera á Normativa que regula a ordenación de volumes, o alcalde estará no deber de proceder a inmediata suspensión das obras e demás medidas previstas no art. 175 LSG (derogado) e concordantes do Regulamento de Disciplina Urbanística aprobado por Decreto 28/1999 (derogado) sin perjuicio da aplicación das correspondentes sancións por infracción urbanística que a LS e RDU establecen.

DÉCIMO TERCEIRO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.

b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.

c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.

d) Orzamento de execución material.

e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.

f) Nome ou razón social da persoa promotora.

g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.

h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO CUARTO.- O Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.





DÉCIMO QUINTO.- A Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade

DÉCIMO SEXTO.- O Decreto 29/2010 polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia.

DÉCIMO SÉTIMO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO OITAVO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- A edificación que nos ocupa se atopa incursa no suposto de edificación en situación legal de fora de ordenación tipificada no arto 90 da LSG e conta cunha superficie útil inicial de 195,90 m² pretendéndose un aumento de volumen de 42,75 m² que supón un aumento total da superficie útil da planta baixocuberta existente dun 22% polo que entrarían nas propias de mellora das condicións hixiénico-sanitarias e incluso das propias de accesibilidade, e non exceden da superficie de ampliación máxima de ata un 35% da superficie edificada e amparada polo artigo 171 do PXOM, polo que se conclúe que cumpre co disposto polo PXOM de Riveira.

SEGUNDA.- A maior abundamento consta nos arquivos municipais sentenza emitida o día 9 de xuño de 2016 polo Xulgado Contencioso / Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela en relación ao procedemento abreviado nº 379/2014 / Procedemento Ordinario nº 379/2014 no que considera axustado á normativa obra de aumento de volumen en edificación fóra de ordenación (neste suposto incluso incumprindo parcela mínima, ocupación, edificabilidade).

Polo anteriormente exposto e da documentación obrante no expediente, visto o informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos con sinatura dixital de día 19 de novembro de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 04/12/2019, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. Asunción Fernández Vidal **LICENZA DE OBRAS (Nº 48/19)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DO BAIXOCUBERTA EN EDIFICACIÓN EXISTENTE** existente na Rúa de Galicia nº 3, Palmeira, Riveira en parcela con refª catastral nº 3241703NH0134S, nos termos do Proxecto Básico de agosto de 2019 así como da documentación técnica xustificativa complementaria de novembro de 2019 redactados polo Sr. Manuel González González, (arquitecto col. nº 3.145):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.***
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde co preceptivo visado colexial.***



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20190437872
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 12/12/2019	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 12/12/2019	Fecha: 12/12/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/12/2019 14:42:00		Hora: 14:39





SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os*



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 12/12/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 12/12/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/12/2019 14:42:00

DOCUMENTO: 20190437872

Fecha: 12/12/2019

Hora: 14:39





seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".

- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 12/12/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 12/12/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/12/2019 14:42:00





RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA 2/19 - LUCÍA CRUGEIRAS ÁLVAREZ.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 5ª Residencial Media Colectiva Aliñada.

REFª CATASTRAL: 8885522MH9088N0003YR.

SITUACIÓN: Rúa Francisco Lorenzo Mariño nº 19, Aguiño, Riveira.

INTERESADO/A - PRESUNTO/A RESPONSABLE DENUNCIADO/A: Sra. Lucía Crugeiras Álvarez, (D.N.I. 76.515.605-X).

POSIBLES FEITOS IMPUTADOS: Execución de obras sen título habilitante municipal xa que non se axustan á comunicación de obra presentada pola interesada.

ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN: A Xunta de Goberno Local de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Pola Sra. Lucía Crugeiras Álvarez, (D.N.I. 76.515.605-X), preséntase, en escrito rexistrado de entrada o día 28 de xuño de 2019, (Rexistro de entrada nº 9.425), comunicación previa para realizar obra de cambio de elemento de cubrición e pintado no edificio na rúa Francisco Lorenzo Mariño nº 19, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 8885522MH9088N0003YR.

SEGUNDO.- O arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade emite informe con sinatura dixital o día 8 de xullo de 2019 no que analiza en **sentido favorable** o axuste da comunicación previa presentada ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

TERCEIRO.- Como consecuencia das actuacións de inspección realizadas pola Policía Local do Concello de Riveira en informe emitido o día 27 de setembro de 2019, comprobouse que na rúa Francisco Lorenzo Mariño nº 19, Aguiño, Riveira, estábanse a levar obras non amparadas pola antedita comunicación previa para executar cambio de tella en cuberta.

CUARTO.- Visto o anterior, tras xirar visita de comprobación o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe o día 30 de setembro de 2019 co seguinte tenor literal:

“
(...)

ASUNTO: EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA
INFORME TÉCNICO EN RELACIÓN CUNHAS OBRAS, EN FASE DE EXECUCIÓN, E QUE NON SE AXUSTAN Á LEGALIDADE URBANÍSTICA

REF. CATASTRAL: 18885522MH9088N0003YR.

DENUNCIANTE: INFORME POLICIA LOCAL DE DATA DE 27.09.2019.

INTERESADO: LUCIA CRUJEIRAS ALVAREZ.

ANTECEDENTES E INSPECCIÓN:

a.- Con data de 28.06.2019 (n.r.e.: 09425) dona Lucía Crujeiras Alvarez, con domicilio en rúa Vicanso nº 58 (Aguiño), presente instancia de Comunicación Previa para as obras de cambio de cobertura e pintado da vivenda





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

emprazada na rúa Francisco Lorenzo Mariño nº 19, Aguiño. No expediente de C.P. figura fotografía do estado actual (previo) da fachada.

ACOMPANAMOS COPIA DA INSTANCIA DE C. PREVIA. ANEXO Nº 1

b.- Con data de 08.07.2019 o arquitecto técnico municipal, Jesús García Ramos, emite informe favorable en canto ao contido documental e advertindo que as obras a realizar son as descritas na C. Previa presentada, e consistentes no cambio de cobertura e pintado de fachada da vivenda.

ACOMPANAMOS COPIA DO INFORME DO ARQUITECTO MUNICIPAL. ANEXO Nº 2

INFORME:

a.- A partires do informe da Policía Local de data de 27.09.2019ponse de manifesto que as obras que se están a realizar non se axustan á autorización municipal, posto que as obras non só afectan á cobertura da vivenda, senón que tamén se realizan obras de peche en fábrica de ladrillo; substituíndo a galería que conforma a fronte da planta baixo cuberta. Estas obras aínda que non implican incremento de volume, si supoñen unha alteración sobre o espazo baixo cuberta, que xa por outra banda, debemos de significar que non se axustan ás condicións que fixan as ordenanzas xerais ao respecto. En consecuencia, estamos nunha situación de fora de ordenación, posto que a ordenanza de aplicación (Ordenanza nº 5 PXOM) fixa como número máximo de alturas o seguinte:

B+ 2P + Bc, e debendo de adaptarse o baixo cuberta ás condicións das ordenanzas xerais.

ACOMPANAMOS COPIA DO PLANO DE ORDENACIÓN. ANEXO Nº 3

CONCLUSIÓN:

1.- Ante o exposto, puido comprobarse que as obras que se están a executar non se axustan ao título habilitante (C. Previa), nin tampouco resultan legalizables, polo que procede incoar expediente de reposición da legalidade, previa suspensión das obras e dándolle audiencia ao interesado, tal e como establece ao respecto o artigo 152 da lei 2/2016 do Solo de Galicia.

E coa ata aquí exposto dou por concluído o presente informe.

Riveira, 30 de setembro de 2019.
Asdo: Alberto Iglesias Fungueiriño
Arquitecto Municipal.

ACOMPANAMOS FOTOGRAFÍAS:

Primeira fotografía, a incorporada ao expediente de C. Previa, e aportada pola solicitante.

Segunda fotografía, aportada no informe da Policía Local de data de 27.09.2019, e que amosa o estado da obra, en fase de execución.

(...)

“

QUINTO.- Como consecuencia do anterior, por Decreto de Alcaldía de data 1 de outubro de 2019 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística DU 2/19 e ordenábase a súa instrución de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no artigo 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e no artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

SEXTO.- A notificación do citado Decreto practicouse á Sra. Lucía Crugeiras Álvarez o día 1 de outubro de 2019.



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 12/12/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 12/12/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/12/2019 14:42:00

DOCUMENTO: 20190437872

Fecha: 12/12/2019

Hora: 14:39





SÉTIMO.- En cumprimento do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, na notificación do Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade, emprazouse aos interesados para o trámite de audiencia.

OITAVO.- Notificado este emprazamento a Sra. Lucía Crujeiras Álvarez presenta en escrito rexistrado de entrada o día 22 de novembro de 2019, (Rexistro de entrada nº 16.355), Memoria técnica redactada pola arquitecta Sra. Carmen M^a Pérez Pérez, (col. nº 3.803), visada polo Colexio Oficial de Arquitectos de día 20 de novembro de 2019 así como Oficio de Dirección de Obra e de Coordinación de Seguridade e Saúde sen visado colexial.

NOVENO.- Por último tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade aplicable ao caso nos ocupa o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe o día 22 de novembro de 2019 en relación á resolución do expediente de reposición da legalidade urbanística DU 2/19 co seguinte tenor literal:

“
(...)

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE LEGALIZACIÓN DAS OBRAS INICIADAS, E OBXETO DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE, DE REFORMA DE FALDÓN DE CUBERTA DO EDIFICIO EMPRAZADO NA RÚA FRANCISCO LORENZO MARIÑO Nº 19, AGUIÑO,

SOLICITANTE: LUCIA CRUJEIRAS ALVAREZ
ENTRADA Nº: 14270 (10.10.2019),15125 (27.10.2019) e 16355 (21.11.2019)
SUP. CONSTRUIDA: 82 M2.
ORZAMENTO: 1.862,83 €.

INFORME:

Vista a solicitude presentada e o proxecto redactado pola arquitecta Carmen Pérez Pérez, que conta con visado colexial de data de 20.11.2019, e examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM), aprobado en data de 17 de decembro de 2002, ao amparo da Lei 1/97 do solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

1.- A presente solicitude deriva da apertura dun expediente de reposición da legalidade urbanística (ERLU), a partires de Decreto de Alcaldía de data 1.10.2019, coa conseguinte orden de paralización das obras.

No informe emitido por este técnico en relación co ERLU, indicabase o seguinte:

INFORME:

a.- A partires do informe da Policía Local de data de 27.09.2019ponse de manifesto que as obras que se están a realizar non se axustan á autorización municipal, posto que as obras non só afectan á cobertura da vivenda, senón que tamén se realizan obras de peche en fábrica de ladrillo; substituindo a galería que conforma a fronte da planta baixo cuberta. Estas obras aínda que non implican incremento de volume, si supoñen unha alteración sobre o espazo baixo cuberta, que xa por outra banda, debemos de significar que non se axustan ás condicións que fixan as ordenanzas xerais ao respecto. En consecuencia, estamos nunha situación de fora de ordenación, posto que a ordenanza de aplicación (Ordenanza nº 5 PXOM) fixa como número máximo de alturas o seguinte:

B+ 2P + Bc, e debendo de adaptarse o baixo cuberta ás condicións das ordenanzas xerais.





1.- Ante o exposto, puido comprobarse que as obras que se están a executar non se axustan ao título habilitante (C. Previa), nin tampouco resultan legalizables, polo que procede incoar expediente de reposición da legalidade, previa suspensión das obras e dándolle audiencia ao interesado, tal e como establece ao respecto o artigo 152 da lei 2/2016 do Solo de Galicia.

INFORME PROXECTO DE LEGALIZACIÓN:

1.- O proxecto presentado ten como obxecto legalizar as obras en curso de execución, coas conseguíntes adaptacións na configuración do faldón de cuberta á normativa municipal de aplicación e recollidas no proxecto básico redactado pola arquitecta Carmen Pérez Pérez.

2.- A presente edificación aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo planeamento xeral como solo urbano, e séndolle de aplicación a **ordenanza 5** do PXOM. A edificación conta con planta baixa, dúas plantas altas e unha planta baixo cuberta, destinada a vivenda unifamiliar. A planta baixo cuberta, e sobre a que se actúa, destinase a trasteiro.

3.- Na documentación técnica aportada xustifícase a execución das obras, as cales teñen por obxecto legalizar as obras de regularización do faldón de cuberta que da ao fronte do rúa Francisco Lorenzo Mariño, e mantendo o uso preexistente (almacén-trasteiro da vivenda).

4.- No presente caso trátase dunha edificación, que pola propia configuración da cuberta, atópase en situación de fora de ordenación, polo que procede facer a preceptiva xustificación ao respecto (artigo 171 do PXOM). E no referente á xeometría do faldón que se modifica deberá de xustificarse, do mesmo xeito, o seu acomodo coas ordenanzas xerais (artigo 93 do PXOM).

5.- Na memoria presentada do proxecto visado de data de 22.11.2019 xustifícase na memoria urbanística a actuación da reforma, amparada no preceptuado ao respecto polo artigo 171 do PXOM, e quedando claro que se mantén o uso preexistente de trasteiro na planta baixo cuberta, e axustándose a xeometría do faldón que se reforma ás condicións xerais establecidas no artigo 93 do PXOM. Introdúcense 2 ventanas velux no plano do faldón reformado, co obxecto de iluminar e ventilar o espazo baixo cuberta destinado, de conformidade co autorizado aos efectos pola ordenanza 92 do PXOM (ventanas practicables cenitais sobre o plano de cuberta).

6.- Advertir que a edificación mantén a situación legal de fora de ordenación, pola configuración da totalidade da cuberta. E que as obras de reforma do faldón de cuberta, e á súa vez que motivou no seu día a apertura do ERLU, están contempladas como obras de mellora e conservación e así contempladas no artigo 171 do PXOM, e debendo de manterse o uso preexistente do espazo baixo cuberta (TRASTEIRO).

7.- Con data de 21.11.2019 apórtanse os oficios de dirección de obra e de coordinador en materia de seguridade e saúde, asumidos ambos pola arquitecta autora do proxecto de execución presentado: Carmen María Pérez Pérez.

2.- OBXECTO DO INFORME:

Emítase o presente informe aos efectos sinalados nos artigos 142 e 143 da Lei 2/2016, de 22 de setembro, do solo de Galicia, e do artigo 354.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

O presente informe ten por obxecto comprobar dende o punto de vista técnico que os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo consignado no proxecto básico se axustan ao ordenamento urbanístico vixente, que o aproveitamento axústase ao suceptíbel de apropiación e que as obras e usos proxectados reúnen as condicións esixibles polo ordenamento xurídico vixente; así como a acreditación do contido mínimo documental do proxecto segundo o Anexo I do Código Técnico da Edificación (CTE), examinando aqueles documentos que con carácter obrigatorio teñen que constar no proxecto básico, e a xustificación expresa do proxectista do cumprimento do CTE

3.- NORMATIVA URBANÍSTICA APLICABLE:

-Plan Xeral de Ordenación de Riveira.

-Lei 2/2016, do Solo de Galicia.



FIRMANTE - FECHA





- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

-Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade.

-Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

4.- OBSERVACIÓNS NORMATIVAS:

.- **Normativa de aplicación:** Plan Xeral de ordenación municipal de Riveira.

.- **Clasificación do solo:** solo urbano.

b.1.- Ordenanza de aplicación: Ordenanza 5 do PXOM.

b.2.- Artigos 16 a 22 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

b.3.- Demais artigos e disposicións de aplicación da lei 2/2016 (Solo urbano).

5.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES:

1.-A obra deberá axustarse estrictamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, e redactado poa arquitecta Carmen Pérez Pérez .

2.- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

3.-O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non poidendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos de acordo co previsto ao respecto pola vixente Lei 2/2016 (artigo 145.2)

4.-Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

5.-Será requisito indispensable en tódalas obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

6.-Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

7.-Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

8.-Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

9.-Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dipoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

6.- CONCLUSIÓN.

FIRMANTE - FECHA





Á vista da instancia presentada por **dona Lucía Crujeiras Álvarez** solicitando licenza municipal para obras contidas no proxecto de execución redactado pola arquitecta Carmen Pérez Pérez, que define as **obras de legalización de reforma de faldón de cuberta do edificio emprazado na rúa Francisco Lorenzo Mariño nº 19, Aguiño**, e comprobando as condicións fixadas no artigo 142.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Riveira, e o RDUG, **infórmase favorablemente o expediente**, sen prexuízo do que decida a Xunta de Goberno Local como órgano competente para o outorgamento de licenzas, podéndose conceder esta sempre e cando se axuste ao sinalado nos apartados de condicións deste informe, procedendo para a súa concesión segundo os artigos 143 e 144 da LOUGA. Segundo o artigo 13 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a licenza concederáse salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Riveira, a 22 de novembro de 2019.

Asdo.: Alberto Iglesias Fungueiriño.
Arquitecto municipal.

(...)
“

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Os feitos anteriormente sinalados considéranse unha infracción do establecido no artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, polo que de conformidade co disposto nos artigos 151, 152 e 153 da devandita lei, procede **a inmediata paralización da obra e dispoñer a incoación do expediente de reposición da legalidade** comunicándollo ao interesado.

SEGUNDO.- Así visto o artigo 152.1 da devandita Lei que establece que cando se estea realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante exigible en cada caso ou sen axustar ás condicións sinaladas nela, a persoa titular da alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándolo ao interesado.

2.- Co acordo de suspensión adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade, tales como o precintado das obras, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de suministros ou execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables ata conseguir o cumprimento da orde de paralización, e calquera outra medida que sea conveniente en pro da efectividade da suspensión.

3.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptaranse algún dos seguintes acordos:

a) Si as obras no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición e, no seu caso, a reconstrución do indebidamente demolido, a custa do interesado. Si os usos no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a cesación dos mesmos.

b) Si as obras ou os usos puidieran ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirírase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fora otorgada ou non se presentase a comunicación previa. En caso de que se deniegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras a custa do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que hubiesen dado lugar.

c) Si as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenarase á persoa interesada que se axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición da mesma, sempre que a complexidade técnica ou



FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 12/12/2019
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 12/12/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/12/2019 14:42:00





envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Si, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non houbera axustado as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos a custa do interesado.

4.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderán adoptarse as medidas que se estimen precisas para garantir a executividade da resolución, sin perxuício da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

5.- O procedemento ao que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación.

6.- No caso de incumprimento da orde de cesación de usos, de demolición ou de reconstrución do indebidamente demolido, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 € casa unha.

TERCEIRO.- Establece o artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia o fin do procedemento de reposición da legalidade urbanística do seguinte modo:

1.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e logo da audiencia do interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos, que deberán detallar con claridade e precisión o seu obxecto:

a) Se as obras ou os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase as medidas correspondentes para restaurar a realidade física alterada e a orde xurídica vulnerada á custa do interesado:

1º. A demolición das obras executadas.

2º. De ser o caso, a reconstrución do indebidamente demolido. No suposto de que a demolición afectase a un edificio ou construción obxecto de protección pola lexislación en materia de patrimonio cultural, a reconstrución, cando proceda, deberá someterse ás normas establecidas para a conservación, restauración e mellora que lle sexan de aplicación na súa lexislación específica.

3º. A reposición dos terreos ao seu estado inicial.

4º. O cesamento da subministración dos servizos ou a prohibición da súa contratación.

5º. A prohibición da primeira utilización e ocupación dos edificios e das construcións.

6º. A execución das obras necesarias para impedir os usos ilegais.

7º. Se os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a cesación deles.

b) Se as obras ou os usos poden ser legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase o interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non sexa outorgada ou non se presente a comunicación previa. Para o caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras á custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar (artigo 152.3.b) da LSG).

c) Se as obras ou os usos non se axustan ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenaráselle á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición desta, sempre que a complexidade técnica ou a





envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Se, transcrido o prazo sinalado, o obrigado non axustase as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos á custa do interesado (artigo 152.3.c) da LSG).

2.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderanse adoptar as medidas que se consideren precisas para garantir a executividade da resolución, sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que lles correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión ao que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo (artigo 152.4 da LSG).

3.- As ordes de restitución deberán cumprirse no prazo que se determine na resolución do expediente administrativo que, con carácter xeral, non será superior a tres meses.

Non obstante, cando a restitución da legalidade urbanística presente unha especial dificultade técnica, apreciada polo órgano competente, o prazo anterior poderá ampliarse ata nove meses. Asemade, e nestes mesmos supostos de especial dificultade técnica, o órgano administrativo está facultado para solicitar a achega dun proxecto técnico en que se reflectan as medidas de restauración que se propoñen realizar, así como as autorizacións sectoriais que sexan exixibles.

Presúmese que concorre especial dificultade técnica para a restitución da legalidade nos grandes movementos de terra, nas explanacións de grandes dimensións, na extracción de áreas e na clausura de explotacións mineiras.

4.- O procedemento ao que se refire o número 2 deste artigo deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación (artigo 152.5 da LSG).

O prazo indicado poderá suspenderse nos supostos legalmente previstos e, transcrido este que se teña notificado a resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, vista o Memoria técnica redactada pola arquitecta Sra. Carmen M^a Pérez Pérez, (col. nº 3.803) visada polo Colexio Oficial de Arquitectos de día 20 de novembro de 2019, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño o día 22 de novembro de 2019 en relación á resolución do expediente de reposición da legalidade urbanística, visto o artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 26/11/2019, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar que as obras e actuacións proxectadas no edificio sito na Francisco Lorenzo Mariño nº 19, Aguiño, Riveira en parcela con ref^a catastral nº 8885522MH9088N0003YR, son legalizables nos termos da Memoria técnica redactada pola arquitecta Sra. Carmen M^a Pérez Pérez, (col. nº 3.803) visada polo Colexio Oficial de Arquitectos de día 20 de novembro de 2019 por seren compatibles co ordenamento urbanístico.

SEGUNDO.- CONCEDER á Sra. Lucía Crugeiras Álvarez **LICENZA DE OBRAS (Nº 49/19)** para **REFORMA DE FALDÓN DE CUBERTA DO EDIFICIO** nos termos da Memoria técnica redactada pola arquitecta Sra. Carmen M^a Pérez Pérez, (col. nº 3.803) visada polo Colexio Oficial de Arquitectos de día 20 de novembro de 2019.





TERCEIRO.- Dispoñer o levantamento da paralización das obras efectuada por Decreto de Alcaldía de día 1 de outubro de 2019 e proceder ao arquivo do expediente de reposición da legalidade urbanística DU 2/19.

CUARTO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

QUINTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

SEXTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*



FIRMANTE - FECHA





- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SÉTIMO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

DÉCIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20190437872
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA EN FUNCIONES - 12/12/2019	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 12/12/2019	Fecha: 12/12/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/12/2019 14:42:00		Hora: 14:39





arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

1.- Visto o escrito presentado por **María José de la Iglesia Méndez**, de data 02/12/2019 (Rexistro xeral de entrada nº 16.814), no que solicita a modificación da licenza de vao permanente nº 27/12, ampliando a lonxitude total de vao a 7,00 m. para o acceso ao establecemento situado na Avenida de Ferrol, nº 13 A, Riveira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **María José de la Iglesia Méndez** autorización para a modificación da licenza de vao permanente nº 27/12, ampliando a lonxitude total de vao a 7,00 m. para o acceso ao establecemento situado na Avenida de Ferrol, nº 13 A, Riveira, según o sinalado no citado informe policial.

2.- Visto o escrito presentado por Francisco Rodríguez Rodríguez en representación da **Comunidade de Propietarios Edificio Orillamar Linares Rivas**, de data 28/11/2019 (Rexistro xeral de entrada nº 16.674), no que solicita un duplicado da praca de vao permanente por deterioro da orixinal.





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Conceder a **Comunidade de Propietarios Edificio Orillamar Linares Rivas** un duplicado da praca de vao permanente correspondente por deterioro da orixinal.

XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por Joaquín González Iglesias en representación de **Vego Supermercados, S.A.U.**, de data 15/11/2019 (Rexistro de entrada nº 16.088), no que insta a que o Concello de Riveira solicite á Consellería de Comercio o cambio de festivo local do 24/07/2019 a festivo de apertura.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda denegar** a solicitude presentada por Vego Supermercados, S.A.U. debido a que os acordos de declaración de festivos locais son adoptados polo Pleno do Concello.

2.- Visto o escrito presentado por Joaquín González Iglesias en representación de **Mercash Sar, S.L.U.**, de data 15/11/2019 (Rexistro de entrada nº 16.091), no que insta a que o Concello de Riveira solicite á Consellería de Comercio o cambio de festivo local do 24/07/2019 a festivo de apertura.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda denegar** a solicitude presentada por Mercash Sar, S.L.U. debido a que os acordos de declaración de festivos locais son adoptados polo Pleno do Concello.

SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS “BONO BUS” – CURSO 2019-2020

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría, de data 04/12/2019, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2019-2020

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen nas seguintes listaxes:

Destino Santiago de Compostela

Neira Sampedro, Jorge 54227201D

Destino Lugo

Neira Sampedro, Jorge 54227201D





INFORME DE SEGUIMIENTO DO PROGRAMA "INTERCAMBIOS ESCOLARES DO EIXO ATLÁNTICO PARA O CURSO 2019-2020"

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe de seguimento presentado pola Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría, de data 02/12/2019, relativo ao programa "Intercambios Escolares do Eixo Atlántico para o curso 2019-2020", no que sinala:

"A concelleira de Educación, Juana Brión Santamaría, dá conta do seguimento do programa "Intercambios Escolares do Eixo Atlántico para o curso 2019-2020".

Concello de Ribeira forma parte do Eixo Atlántico, cuxa finalidade é o intercambio de información e mellora da comunicación entre Galicia e o norte de Portugal.

No curso escolar 2018-2019, promovéronse por primeira intercambios escolares entre cidades pertencentes ao Eixo Atlántico, programa no que participou Ribeira, visitando Vila Nova de Feira e recibindo á súa vez ao alumnado desta cidade. O centro de ensino seleccionado daquela foi o CEIP O Grupo, por ser o centro de primaria con máis número de estudantes.

A experiencia foi moi frutífera a nivel pedagóxico, posto que os nenos e nenas xunto co profesorado tiveron unha maior relación coa lingua portuguesa e cos usos e costumes do país veciño. Así mesmo o feito de seren anfitrións doutros rapaces converteunos en expertos no patrimonio cultural e ambiental de Ribeira, concello que con orgullo amosaron aos seus convidados.

Este curso 2019-2020 repetirase esta experiencia e o centro de ensino seleccionado nesta ocasión é o CEIP de Frións, que participará co seu alumnado de 5º curso de primaria.

O interese manifestado, xa na edición anterior, polo equipo directivo do CEIP de Frións en formar parte do programa de intercambio tívose en conta para determinar que sexa o seu alumnado quen participe. Hai que destacar que o interese xerado por esta experiencia no levounos a crear unha zona da biblioteca escolar con volumes en portugués e impartir as aulas de iniciación a esta lingua, dando así cumprimento á Lei Paz Andrade de achegamento á lingua portuguesa e apoio a esta experiencia do Eixo Atlántico Galicia Portugal."

ACHEGAS CONCEDIDAS POLO CONCELLO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN).

1.- ACHEGA CONCEDIDA A A.SARAQUETE E HIJOS, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz Lampón, de data 04/12/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Ribeira MOVE da ruta regular "Aguíño – Ribeira -





Pobra do Caramiñal”, relativo ao mes de setembro; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 05/12/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A.Sarasquete e Hijos, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Aguiño – Riveira - Pobra do Caramiñal”, relativo ao mes de setembro; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 2.970,80 €.

2.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz Lampón, de data 04/12/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Castiñeiras-Riveira-Corrubedo-Oliveira-Artes-Oleiros”, relativo ao mes de setembro; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 05/12/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE da ruta regular “Castiñeiras-Riveira-Corrubedo-Oliveira-Artes-Oleiros”, relativo ao mes de setembro; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 859,20 €.

3.- ACHEGA CONCEDIDA A A. SARASQUETE, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de





data 04/12/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de setembro; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 05/12/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa A. Sarasquete, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de setembro; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 844,50 €.

4.- ACHEGA CONCEDIDA A HERMANOS FERRÍN, S.L. (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Educación, Juana María Brión Santamaría, de data 04/12/2019, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de setembro; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 05/12/2019.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a empresa Hermanos Ferrín, S.L. para o Programa de Fomento do Transporte Público Riveira MOVE escolar aos centros de ensino “IES Leliadoura, IES Nº 1 e CIFP Coroso”, relativo ao mes de setembro; aprobado pola X.G.L. na sesión celebrada en data 12/04/2018; resultando o seu importe: 397,35 €.





LICENZAS DE TENENZA E USO DE ARMAS DO GRUPO L

1.- **VISTA** a solicitude presentada por **D. JOSÉ TORRES SERÁNS, DNI nº 76969448V**, e domicilio en rúa de Galicia, nº 116, P2 E, Ribeira (A Coruña) para a obtención de **licenza de "tenencia y uso de armas del grupo L" (tipo carabina)** das características que se relacionan a continuación.

CONSIDERANDO que o **Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas (RA)** define no seu **artigo 2.2** as armas de aire ou outro gas comprimido como aquelas armas que utilizan como forza impulsora do proxectil a orixinada pola expansión dun gas comprimido.

CONSIDERANDO que conforme ao **artigo 3** as armas para as que solícitase licenza no presente expediente considéranse de **4ª categoría**, podéndose englobar nun dos supostos seguintes (concretamente no **2º**):

« 1. *Carabinas e pistolas, de tiro semiautomático e de repetición; e revólveres de dobre acción, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas.*

2. *Carabinas e pistolas, de ánima lisa ou rayada, e dun só tiro, e revólveres de acción simple, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas».*

CONSIDERANDO que pola súa banda, o **artigo 54.3 RA** determina que:

«As armas da categoría 4ª poderanse adquirir e ter no propio domicilio, sen outro trámite que a declaración da venda, a clase de armas e os datos de identidade do adquirente ao Alcalde do municipio da residencia deste e á Intervención de Armas da Garda Civil».

CONSIDERANDO que ademáis do anterior, o **105 RA** fala das **tarxetas de armas**. Concretamente establece que:

«1. *Para poder levar e usar as armas da categoría 4.ª fóra do domicilio haberán de estar documentadas singularmente, mediante tarxetas de armas, que as acompañarán en todo caso.*

As tarxetas de armas serán concedidas e retiradas, no seu caso, polos Alcaldes dos municipios en que se atopen avecindados ou residindo os solicitantes, previa consideración da conduta e antecedentes dos mesmos.

A súa validez quedará limitada aos respectivos términos municipais.

2. *As armas incluídas na categoría 4.ª, 2, pódense documentar en número ilimitado con **tarxeta B**, cuxa validez será permanente.*

Das comprendidas na categoría 4.ª, 1, soamente poderanse documentar seis armas con tarxetas A cuxa validez será de cinco anos.





3. No entanto, a autoridade municipal poderá limitar ou reducir, tanto o número de armas que pode posuír cada interesado como o tempo de validez das tarxetas, tendo en conta as circunstancias locais e persoais que concorran.

4. Os solicitantes da tarxeta A deberán acreditar cumprir catorce anos de idade, a cuxo efecto haberán de presentar documento nacional de identidade ou documentos equivalentes en vigor.

5. A tarxeta de armas se expedirá en impreso, que confeccionará a Dirección Xeral da Garda Civil. En cada impreso poderanse apuntar ata seis armas. Cando se trate de tarxetas B e o número de armas exceda de seis, o interesado poderá ser titular de máis dunha tarxeta.

6. Do impreso destinarase un exemplar ao interesado; o segundo será remitido pola Alcaldía á Intervención de Armas.

ACREDITADO que no expediente consta, ademáis da tarxeta de identificación do interesado, certificado favorable de antecedentes penais de data 8 de novembro de 2019, así como exame psicotécnico de data 14 de agosto de 2019

A Xunta de Goberno Local, por Delegación da Alcaldía, acorda por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Conceder a **D. JOSÉ TORRES SERÁNS, DNI nº 76969448V**, e domicilio en rúa de Galicia, nº 116, P2 E, Ribeira (A Coruña) **licenza de “tenencia y uso de armas del grupo L” (tipo carabina)**

Segundo:-Notificalo presente acordo ó interesado para a súa constancia e efectos oportunos.

Terceiro:-Comunicar ó presente acordo á Policía Local, así como á Garda Civil, ós efectos previstos no artigo 54.3 do **Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Reglamento de Armas.**

2.- VISTA a solicitude presentada por **D. JOSÉ VENTURA MARTÍNEZ ÁLVAREZ, DNI nº 52459302M**, e domicilio en Paseo das Carolinas, nº 2 A, P2 A, Ribeira (A Coruña) para a obtención de **licenza de “tenencia y uso de armas del grupo L” (tipo carabina)** das características que se relacionan a continuación.

CONSIDERANDO que o **Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Reglamento de Armas (RA)** define no seu **artigo 2.2** as armas de aire ou outro gas comprimido como aquelas armas que utilizan como forza impulsora do proxectil a orixinada pola expansión dun gas comprimido.

CONSIDERANDO que conforme ao **artigo 3** as armas para as que solicítase licenza no presente expediente considéranse de **4ª categoría**, podéndose englobar nun dos supostos seguintes (concretamente no **2º**):





« 1. Carabinas e pistolas, de tiro semiautomático e de repetición; e revólveres de dobre acción, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas.

2. Carabinas e pistolas, de ánima lisa ou rayada, e dun só tiro, e revólveres de acción simple, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas».

CONSIDERANDO que pola súa banda, o **artigo 54.3 RA** determina que:

«As armas da categoría 4ª poderanse adquirir e ter no propio domicilio, sen outro trámite que a declaración da venda, a clase de armas e os datos de identidade do adquirente ao Alcalde do municipio da residencia deste e á Intervención de Armas da Garda Civil».

CONSIDERANDO que ademáis do anterior, o **105 RA** fala das **tarxetas de armas**. Concretamente establece que:

«1. Para poder levar e usar as armas da categoría 4ª fóra do domicilio haberán de estar documentadas singularmente, mediante tarxetas de armas, que as acompañarán en todo caso.

As tarxetas de armas serán concedidas e retiradas, no seu caso, polos Alcaldes dos municipios en que se atopen vecindados ou residindo os solicitantes, previa consideración da conduta e antecedentes dos mesmos.

A súa validez quedará limitada aos respectivos términos municipais.

2. As armas incluídas na **categoría 4ª, 2**, pódense documentar en número ilimitado con **tarxeta B**, cuxa validez será permanente.

Das comprendidas na categoría 4ª, 1, soamente poderanse documentar seis armas con tarxetas A cuxa validez será de cinco anos.

3. No entanto, a autoridade municipal poderá limitar ou reducir, tanto o número de armas que pode posuír cada interesado como o tempo de validez das tarxetas, tendo en conta as circunstancias locais e persoais que concorran.

4. Os solicitantes da tarxeta A deberán acreditar cumprir catorce anos de idade, a cuxo efecto haberán de presentar documento nacional de identidade ou documentos equivalentes en vigor.

5. A tarxeta de armas se expedirá en impreso, que confeccionará a Dirección Xeral da Garda Civil. En cada impreso poderanse apuntar ata seis armas. Cando se trate de tarxetas B e o número de armas exceda de seis, o interesado poderá ser titular de máis dunha tarxeta.

6. Do impreso destinarase un exemplar ao interesado; o segundo será remitido pola Alcaldía á Intervención de Armas.





ACREDITADO que no expediente consta, ademais da tarxeta de identificación do interesado, certificado favorable de antecedentes penais de data 13 de agosto de 2019, así como exame psicotécnico de data 14 de novembro de 2019

A Xunta de Goberno Local, por Delegación da Alcaldía, acorda por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Conceder a **D. JOSÉ VENTURA MARTÍNEZ ÁLVAREZ, DNI nº 52459302M**, e domicilio en Paseo das Carolinas, nº 2 A, P2 A, Ribeira (A Coruña) para a obtención de **licenza de "tenencia y uso de armas del grupo L" (tipo carabina)** das características que se relacionan a continuación:

- 1.-APS, calibre 6 mm, nº de serie: 601D-XVID26354
- 2.-APS, calibre 6 mm, nº de serie: EA15B21743

Segundo:-Notificalo presente acordo ó interesado para a súa constancia e efectos oportunos.

Terceiro:-Comunicar ó presente acordo á Policía Local, así como á Garda Civil, ós efectos previstos no artigo 54.3 do **Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas.**

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

A Presidenta da sesión
María José Sampedro Fernández

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

